



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

# ACTA DO PLENO DE LOUSAME

(pendente de aprobación na seguinte Sesión)

## SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 17 DE DECEMBRO DE 2018

### ASISTENTES:

#### Alcaldesa:

M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais (GPM PP)

#### Concelleiros:

Ramón Manuel Martínez Rial (GPM PP)

Ramón Figueroa Pérez (GPM PP)

María Regenjo Vázquez (GPM PP)

Ramón García Conde (GPM PP)

Silvia Agrafojo Filgueira (GPM PP)

Julio M. D. Paradela Busto (GPM PSdG-PSOE)

Beatriz González Bargo (GPM PSdG-PSOE)

Iván Bermúdez Castro (GPM PSdG-PSOE)

Amador Turnes Núñez (GPM BNG)

#### Ausentes:

Lucía Rodríguez Cao (GPM PT)

#### Secretaría-Interventora:

Paula Ares Otero

Na localidade de **Lousame** (A Coruña), sendo as **09:15 horas** do día **17 de decembro de 2018**, no Salón de Plenos do Concello de Lousame, réunese a **Corporación Municipal en Pleno**, en sesión **EXTRAORDINARIA E URXENTE**, baixo a Presidencia de **D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais**, coa asistencia e ausencia dos concelleiros que se enumeran ao marxe.

A Corporación está asistida pola Secretaría-Interventora do Concello, D<sup>a</sup>. Paula Ares Otero, que da fe do acto.

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldesa e da Secretaría (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

### PARTE RESOLUTIVA:

- 1 Aprobación, se procede, da ratificación da urxencia da sesión.
- 2 Aprobación, se procede, das bonificacións do IBI para o exercicio 2019.
- 3 Aprobación inicial, se procede, do Orzamento para o exercicio 2019

Acta do Pleno do Concello de Lousame  
Sesión extraordinaria e urxente do día 17 de decembro de 2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 62 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

## **1) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN**

A Alcaldesa da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación do Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

.....

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

De xeito ordinario as sesións dos órganos colexiados deben ser convocadas cunha antelación mínima de dous días hábiles entre a data da convocatoria e o día da celebración da sesión de que se trate.

Non obstante, poderán celebrarse sesións co carácter de urxente, sen respectar esa antelación na convocatoria, cando existan razóns debidamente motivadas de urxencia que así o aconsellen, requiríndose que o pleno do ente local, ratifique esa urxencia da convocatoria e sesión, por maioría simple.

As razóns que motivan a urxencia na convocatoria da sesión son as seguintes:

### **1 Resolución das solicitudes de bonificación do IBI**

En aplicación da Ordenanza reguladora do Imposto de Bens Inmóveis é preciso resolver sobre as solicitudes de bonificación presentadas polos diferentes solicitantes; para a súa posterior remisión á Excm. Deputación da Coruña, organismo encargado da recadación deste imposto municipal.

O acordo debe achegarse do xeito máis inmediato posible á Deputación Provincial, para que poida xurdir efecto antes do 1 de xaneiro de 2019, momento no que se produce a vindicación do novo período impositivo.

### **2 Aprobación inicial do Orzamento 2019**

É urxente e prioritario acelerar a aprobación inicial do Orzamento para o exercicio 2019 co obxectivo de que poida entrar vigor o máis axiña posible, unha vez comezado o ano 2019.

Unha vez aprobado inicialmente, o Orzamento debe ser obxecto de exposición ao público (mediante anuncio no BOP) por un prazo de quince días hábiles. E non entrará en vigor até a súa aprobación definitiva (expresa ou tácita) e publicación no BOP.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

Unha pronta aprobación inicial do expediente orzamentario, marcará o comezo do procedemento e posibilitará a súa entrada en vigor no máis breve prazo que sexa posible.

A hora prevista para a celebración do Pleno está motivada para que o propio luns, se finalmente se aproban os expedientes incluídos na Orde do Día, se poida remitir:

- Certificado do acordo de bonificación para o organismo de Recadación da Excm. Deputación da Coruña.
- Remisión ao BOP, por urxencia, do anuncio de aprobación inicial do Orzamento para o exercicio 2019

Por todos estes antecedentes, esta Alcaldía propón ao Pleno Corporativo de Lousame que RATIFIQUE a urxencia da sesión extraordinaria e urxente convocada para o luns, día 17 de decembro de 2018.

Lousame, a 13 de decembro de 2018.

A alcaldesa

M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais

.....  
A Alcaldesa pregunta se hai intervencións. Non habendo intervención somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: ratificar a urxencia da sesión extraordinaria do día 17.12.2018

## **2) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BONIFICACIÓNS DO IBI PARA O EXERCICIO 2019**

A Alcaldesa da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación do Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

.....  
**DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL NOS QUE SE DESENGOLEN, TOTAL E EXCLUSIVAMENTE, ACTIVIDADES AGRARIAS PERTENCIENTES AO SECTOR PRIMARIO, POR CONCORRER CIRCUNSTANCIAS SOCIAIS, CULTURAIS, HISTORICO ARTÍSTICAS OU DE**

3  
Acta do Pleno do Concello de Lousame  
Sesión extraordinaria e urxente do día 17.12.2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

## **FOMENTO DO EMPREGO, QUE XUSTIFIQUEN TAL DECLARACIÓN, AOS EFECTOS DA OBTENCIÓN DUNHA BONIFICACIÓN DO 95% DA COTA INTEGRAL DO IBI.**

I.- As explotacións agrícolas e gandeiras axudan a fixar a poboación nos ámbitos rurais, representando unha opción de futuro para a xente nova que ve garantidas as súas expectativas económicas no rural, pois estas explotacións fomentan e xeran postos de traballo. Ademais contribúen en grande maneira na dinamización da vida social e cultural dos lugares onde se asentan.

II.- É un obxectivo primordial deste Concello o garantir un futuro aos seus habitantes, sobre todo os máis novos, así como evitar o despoboamento e abandono do rural, todo elo incardinado coas políticas tanto autonómicas, estatais e europeas de fomento do rural.

III.- A Alcaldesa Presidenta do Concello de Lousame PROPÓN ao Pleno a aprobación da declaración de especial interese ou utilidade municipal dos inmobles seguintes nos que se desenrolan, total e exclusivamente, actividades agrarias pertencentes ao sector primario, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración, aos efectos da obtención dunha bonificación do 95% da cota íntegra do IBI.

**PRIMEIRO.-** Aprobar o contido do informe-proposta dos servizos técnicos municipais nos seguintes termos:

- A) Declarar de especial interese ou utilidade municipal os seguinte inmobles nos que se desenrolan, total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras pertencentes ao sector primario, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifican tal declaración, aos efectos da obtención dunha bonificación do 95% da cota íntegra do IBI:

| TITULAR                                                                                              | DNI ou CIF               | REFERENCIA CATASTRAL                         |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------|----------------------------------------------|
| Rosa Vidal Rivas.                                                                                    | 76967476T                | 15043A007000910000XF                         |
| Grnxas Santa Baia e Pastoriza, S.L.                                                                  | B15970759                | 15043C504001130000OH                         |
| Domingo Ces Ares.<br>(Cesares Holstein, S.C.)                                                        | (78782331V)<br>J15994494 | 15043G505003480000IB<br>15043G505003620000IM |
| José Ces Alfonsín.                                                                                   | 36146637A                | 15043G505051030001OJ                         |
| María del Carmen Gozález Figueroa                                                                    | 33217458F                | 15043D505022050000EM                         |
| José Tubío Abeijón<br>(Andrea Vilar de Reconco, S.C.)                                                | 33064742B<br>(J70047014) | 15043G505003160000IB<br>15043G505003190000IQ |
| María Teresa Santiago Martínez<br>(Santiago Martínez M Teresa y Martínez<br>Santiago Fco. Javier SC) | 33064660K<br>(J15337868) | 15043A066000350001MS<br>15043A066000350000XA |
| Manuel Tubío Bargo.<br>(Tubío Busto, S.C.)                                                           | 33194220E<br>(J15689516) | 002301300NH14B0000FX                         |
| María Dolores Pardal Bermúdez                                                                        | 76517372Y                | 15043C504004900000OX                         |



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

- B) Non declarar de especial interese ou utilidade municipal os seguinte inmobles por non concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifican tal declaración, aos efectos da obtención dunha bonificación do 95% da cota íntegra do IBI:

| TITULAR                                               | DNI ou CIF               | REFERENCIA CATASTRAL | MOTIVO                                       |
|-------------------------------------------------------|--------------------------|----------------------|----------------------------------------------|
| José Tubío Abeijón<br>(Andrea Vilar de Reconco, S.C.) | 33064742B<br>(J70047014) | 002100100NH13F0001HL | Non uso exclusivamente agrícola ou gandeiro. |
| Manuel Tubío Bargo.<br>(Tubío Busto, S.C.)            | 33194220E<br>(J15689516) | 002301400NH14B0001QM | Non uso exclusivamente agrícola ou gandeiro. |

**SEGUNDO.**-Publicar no Boletín Oficial da Provincia o contido deste acordo, así como no taboleiro de anuncios do Concello de Lousame.

**TERCEIRO.**- Dar traslado do contido deste acordo ao Servizo de Xestión Tributaria da Deputación Provincial da Coruña aos efectos oportunos.

Lousame, 3 de decembro de 2018.

A Alcaldesa.

M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais.

A Alcaldía pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

<<**PRIMEIRO.**- Aprobar o contido do informe-proposta dos servizos técnicos municipais nos seguintes termos:

- C) Declarar de especial interese ou utilidade municipal os seguinte inmobles nos que se desenrolan, total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras pertencentes ao sector primario, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifican tal declaración, aos efectos da obtención dunha bonificación do 95% da cota íntegra do IBI:

| TITULAR           | DNI ou CIF | REFERENCIA CATASTRAL |
|-------------------|------------|----------------------|
| Rosa Vidal Rivas. | 76967476T  | 15043A007000910000XF |

Acta do Pleno do Concello de Lousame  
Sesión extraordinaria e urxente do día 17 de decembro de 2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

|                                                                                                      |                          |                                              |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------|----------------------------------------------|
| Granxas Santa Baia e Pastoriza, S.L.                                                                 | B15970759                | 15043C504001130000OH                         |
| Domingo Ces Ares.<br>(Cesares Holstein, S.C.)                                                        | (78782331V)<br>J15994494 | 15043G505003480000IB<br>15043G505003620000IM |
| José Ces Alfonsín.                                                                                   | 36146637A                | 15043G505051030001OJ                         |
| María del Carmen Gozález Figueroa                                                                    | 33217458F                | 15043D505022050000EM                         |
| José Tubío Abeijón<br>(Andrea Vilar de Reconco, S.C.)                                                | 33064742B<br>(J70047014) | 15043G505003160000IB<br>15043G505003190000IQ |
| María Teresa Santiago Martínez<br>(Santiago Martínez M Teresa y Martínez<br>Santiago Fco. Javier SC) | 33064660K<br>(J15337868) | 15043A066000350001MS<br>15043A066000350000XA |
| Manuel Tubío Bargo.<br>(Tubío Busto, S.C.)                                                           | 33194220E<br>(J15689516) | 002301300NH14B0000FX                         |
| María Dolores Pardal Bermúdez                                                                        | 76517372Y                | 15043C504004900000OX                         |

- D) Non declarar de especial interese ou utilidade municipal os seguinte inmobles por non concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifican tal declaración, aos efectos da obtención dunha bonificación do 95% da cota íntegra do IBI:

| TITULAR                                               | DNI ou CIF               | REFERENCIA CATASTRAL | MOTIVO                                       |
|-------------------------------------------------------|--------------------------|----------------------|----------------------------------------------|
| José Tubío Abeijón<br>(Andrea Vilar de Reconco, S.C.) | 33064742B<br>(J70047014) | 002100100NH13F0001HL | Non uso exclusivamente agrícola ou gandeiro. |
| Manuel Tubío Bargo.<br>(Tubío Busto, S.C.)            | 33194220E<br>(J15689516) | 002301400NH14B0001QM | Non uso exclusivamente agrícola ou gandeiro. |

**SEGUNDO.**-Publicar no Boletín Oficial da Provincia o contido deste acordo, así como no taboleiro de anuncios do Concello de Lousame.

**TERCEIRO.**- Dar traslado do contido deste acordo ao Servizo de Xestión Tributaria da Deputación Provincial da Coruña aos efectos oportunos.>>

### **3) APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2019**

A Alcaldesa da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación do Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

.....

**PROPOSTA DA ALCALDÍA sobre aprobación do Orzamento Xeral para o exercicio 2019**

6

*Acta do Pleno do Concello de Lousame  
Sesión extraordinaria e urxente do día 17.12.2018*



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame (A Coruña), propón ao Pleno Corporativo a adopción do presente acordo:

<<Elaborado o proxecto de Orzamento do Concello de Lousame para o exercicio económico de 2019, así como os seus Anexos e as súas Bases de Execución e o cadro de persoal, de acordo co establecido polos artigos 168 e 169 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 18 do RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Vistos os informes da Secretaría-Intervención sobre os Orzamentos Xerais e sobre a estabilidade orzamentaria e nivel de endebedamento que constan no expediente (informe núm. 131 do 10.12.2018 e 132 do 11.12.2018)

Considerando os antecedentes expostos, o Pleno Corporativo, no uso das súas competencias, adopta o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente os Orzamentos Xerais do Concello de Lousame para o exercicio económico 2019, xunto cos seus Anexos e as súas Bases de Execución, e cuxo resume por capítulos é o seguinte:

| Estado de Gastos           |                     | Estado de Ingresos         |                     |
|----------------------------|---------------------|----------------------------|---------------------|
| Operacións non financeiras |                     | Operacións non financeiras |                     |
| 3.815.976,89 €             |                     | 3.815.976,89 €             |                     |
| Gastos correntes           |                     | Ingresos correntes         |                     |
| Capítulo                   | Importe             | Capítulo                   | Importe             |
| 1                          | 959.677,38          | 1                          | 699.262,05          |
| 2                          | 1.198.184,40        | 2                          | 30.000,00           |
| 3                          | 2.500,00            | 3                          | 356.556,47          |
| 4                          | 233.756,00          | 4                          | 1.494.370,99        |
| 5                          | 21.591,90           | 5                          | 1.200,00            |
| Total                      | 2.415.709,68        | Total                      | 2.581.389,51        |
| Gastos de capital          |                     | Ingresos de capital        |                     |
| 6                          | 1.400.267,21        | 6                          |                     |
| 7                          |                     | 7                          | 1.234.587,38        |
| Total                      | 1.400.267,21        | Total                      | 1.234.587,38        |
| Operacións financeiras     |                     | Operacións financeiras     |                     |
| 0,00 €                     |                     | 0,00 €                     |                     |
| 8                          |                     | 8                          |                     |
| 9                          | -                   | 9                          | -                   |
| Total                      | -                   | Total                      | -                   |
| <b>Total EG</b>            | <b>3.815.976,89</b> | <b>Total EI</b>            | <b>3.815.976,89</b> |

Acta do Pleno do Concello de Lousame  
Sesión extraordinaria e urxente do día 17.12.2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

**Segundo:** Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral fixo e temporal.

**Terceiro:** Expoñer ao público o expediente completo do Orzamento Xeral para o exercicio 2019 e o cadro de persoal, durante o prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno. O Orzamento e o Cadro consideraranse definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións. No caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas. De tódolos xeitos o Orzamento e o Cadro de Persoal definitivamente aprobados non entrarán en vigor ate a súa aprobación definitiva (expresa ou tácita) e publicación da mesma no Boletín Oficial da Provincia.

**Cuarto:** Unha vez aprobados definitivamente, o Orzamento (resumido por capítulos) e o Cadro de Persoal serán publicados no Boletín Oficial da Provincia e remitirase unha copia dos mesmos á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma>>

Lousame, a 13 de decembro de 2018.

A Alcaldesa

Asdo. M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais

.....

A Alcaldía comeza a explicar pormenorizadamente tanto o Estado de Gastos como o Estado de Ingresos do Orzamento; dando lectura a fragmentos tanto da Memoria da Alcaldía como do seu Informe Económico-Financeiro. Do mesmo xeito da lectura ás diferentes transferencias correntes e de capital que se reciben das distintas Administracións Públicas e que financian gastos correntes e de inversión. En relación aos informes económicos e financeiros, non sabe se hai algo que preguntar. En canto aos parámetros que hai que cumprir o orzamento cumpre estabilidade, regra do gasto e o nivel de endebedamento. Hai unha serie de observacións que emite a Intervención: como que o prazo de presentación dos orzamentos non se cumpriu, como que hai que facer a Relación de Postos de Traballo... Agora, a continuación do Orzamento, tramitarase o Convenio Colectivo do Persoal Laboral e a raíz de aquí, comezarase a traballar na Relación de Postos de Traballo. Outro aspecto que hai que corrixir é a porcentaxe das retribucións relativas a gratificacións e produtividade nos funcionarios, tal e como se explica no informe da intervención, pero que agora mesmo non é posible facelo. Finalmente adaptar o posto de Tesourería ás previsións do artigo 92 da LRBRL. Neste momento permítese que se hai un funcionario municipal poida seguir levando a Tesourería, pero realmente di que debe ser un habilitado. Esas mesmas Leis tamén deberían prever o financiamento para poder asumir orzamentariamente estes novos postos.

Finalizada a explicación do orzamento, a Alcaldía pregunta se hai intervencións.

8



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

O Sr. Paradela Busto, voceiro do PSdG-PSOE, sinala que as disconformidades que sinala a Secretaria-Interventora no seu informe, o seu GPM leva anos sinalándoas. E a día de hoxe non hai nin Relación de Postos de Traballo, nin convenio. Os traballadores reciben unhas gratificacións que non sabemos moi ben en base a que se reciben. Por outra banda, observan que os orzamentos están minorados en 328.000 € por unha inexecución de exercicios anteriores, debido a un axuste que se fai. Por último, en relación ao investimento do vial Portobravo a Tállara, pregunta se hai algún convenio asinado. Porque el non viu nada nos Orzamentos da Xunta de Galicia.

A Alcaldía comeza por contestar á última das cuestións. O Sr. Paradela Busto é perfectamente consciente de que existe un convenio entre o Concello e a Consellería, porque viu unha Resolución da Alcaldía, da que se deu conta no último pleno ordinario, que falaba deste investimento e deste convenio, e fixo unha pregunta no Pleno en relación a esta Resolución. Polo tanto sabe que existe ese convenio entre o Concello e a Consellería. E igual co que sucede co POS. As obras do POS xa están incluídas no orzamento, pero en cambio o POS aínda non se aprobou por este Pleno.

O Sr. Paradela Busto replica que en relación ao POS están perfectamente detalladas e publicadas as cantidades que lle corresponden ao Concello de Lousame.

A Alcaldesa explica que por Resolución de Alcaldía se aprobou e se deu conformidade ao texto do convenio... e agora falta a sinatura, que está pendente do visado entre a enxeñería que redactou o proxecto e a Consellería.

O Sr. Paradela Busto indícalle que cando estea asinado o convenio gustaríalle ter unha copia.

A Alcaldesa contesta que por suposto que a van a ter.

O Sr. Paradela Busto sinala que o seu GPM segue botando de menos investimentos primordiais para Lousame como é o tema dos saneamentos e o tema das infraestruturas tecnolóxicas para que a todos os veciños lles chegue internet. Hai que traballar coa Xunta para solucionar esta cuestión. Porque se non se lles ofrece servizos aos veciños, Lousame vai quedar despoboado. Tamén lle sorprende unha subida do número de habitantes en relación ao último padrón. Non sabe se son reais ou non. Sorprendeulle. Ogallá que en vez dos tres mil e pico que hai hoxe en día, fosen cinco mil e pico, que é a cifra que había hai 28 anos.

O Sr. Paradela Busto quería voltar incidir no tema co que empezou. Considera fundamental elaborar e aprobar a Relación de Postos de Traballo, para que cada traballador saiba o que ten que facer, o que vai a cobrar; tamén hai que solucionar a situación deses postos que se renovan ano a ano... é unha afrenta para os traballadores, xa que non se lle consolidan os dereitos. Hai traballadores que se lles renova ano a ano o

Acta do Pleno do Concello de Lousame  
Sesión extraordinaria e urxente do día 17.12.2010





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
[www.concellodelousame.com](http://www.concellodelousame.com)  
[concellodelousame@concellodelousame.com](mailto:concellodelousame@concellodelousame.com)  
C.I.F. P-1504300-c

contrato e levan 14 traballando. Considera que isto, aparte de ilegal, non fala moi ben da xestión do Concello de Lousame.

Ao Sr. Paradela Busto, por outra banda, sorpréndelle no tema de ingresos o incremento do IBI. Xa que cando foi o tema da revisión catastral, o Concello de Lousame saíu na prensa, dicindo que se reducía a marxe de recadación do 0,65 ao 0,40 no rústico; e do 0,55 ao 0,50 no urbano. En cambio, agora, hai unha subida brutal na recadación do IBI. Este incremento... é de instalacións que non estaban no Catastro ou é debido ao incremento da valoración catastral dos inmobles?

A Alcaldesa toma a palabra, sinalando que unha das cuestións sobre as que preguntaba o Sr. Paradela Busto é estritamente técnica e gustaríalle á secretaria-interventora que puidera explicala, xa que o Sr. Paradela Busto estase confundido con esa cuestión.

O Sr. Paradela Busto sinala que el non se confunde, que é o que está na documentación do Pleno.

A Alcaldesa di que é correcto, pero hai que interpretar correctamente ese axuste, senón perde valor.

A secretaria-interventora, a petición da Presidencia, toma a palabra e explica que unha das cuestións que hai que avaliar no expediente de aprobación orzamentaria é se o proxecto de Orzamento cumpre os parámetros de estabilidade e límite da débeda. Tamén é preciso comprobar se cumpre a regra do gasto, aínda que non sexa preceptivo a remisión desta información en vía de elaboración do orzamento; pero é bo facer unha estimación de como se comportará o Proxecto de Orzamento para garantir que cando se liquide este orzamento (que será no 2020) pois se poidan cumprir na liquidación os parámetros de estabilidade, regra do gasto e límite da débeda. Antes de efectuar ningún axuste, e tendo en conta só os capítulos 1 a 7 de ingresos e 1 a 7 de gastos, o Orzamento estaría equilibrado, estaría en situación de equilibrio orzamentario. É dicir, os capítulos 1 a 7 de ingresos cubrirían os capítulos 1 a 7 de gastos. Pero logo, a Intervención Xeral da Administración do Estado obriga a efectuar unha serie de axustes para adaptar a contabilidade nacional coa contabilidade europea, porque non son exactamente iguais os parámetros das dúas contabilidades. Polo tanto, hai que realizar unha serie de axustes que están explicados no Informe da Intervención; e un deses axustes, é o axuste polo grao de execución do gasto, que son eses 328.000 €. O que significa ese axuste é o seguinte. A realidade demostra que os orzamentos non se executan ao 100%; é dicir, entre as previsións iniciais e o que resulta da execución dese orzamento, pode haber inexecucións ou sobre-execucións. É dicir, que se deixe sen executar unha parte do orzamento ou que se execute por riba do que estaba previsto. A nivel europeo non hai que ter en conta os parámetros de Dereitos Recoñecidos e Obrigas Recoñecidas, que son os parámetros que se manexan a nivel interno. Senón que hai que ter en conta o gasto



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

real dese exercicio (que ao mellor non chega a converterse en obriga recoñecida) pero segue sendo gasto; e hai que ter en conta a recadación real, independentemente do padrón que poidamos ter aprobado e recoñecido. Polo tanto, os axustes SEC obrigan a facer unha proxección de como se vai executar o Orzamento 2019. Hai que axustar tanto o Estado de Ingresos como o Estado de Gastos, e eses axustes están explicados no Informe da Intervención. Polo que se refire ao Axuste polo grao de execución, o que sinala a IGAE é que temos que analizar o que pasou nos últimos exercicios orzamentarios e esa previsión de execución aplícase ao proxecto de orzamento. Así hai que calcular a media dos últimos exercicios orzamentarios e aplicar a media ao exercicio que agora estamos analizando, para ver como imos liquidar o orzamento 2019. Así tomando os datos dos 3 últimos exercicios orzamentarios con liquidación aprobada (2015, 2016 e 2017) calculamos a porcentaxe de inexecución que se aplica a cada un dos capítulos de gastos. E logo esa porcentaxe media de inexecución de cada capítulo, aplícase ás previsións iniciais do Orzamento 2019, arroxando esa cifra de 328.000 € (que é a previsión dos créditos iniciais do exercicio 2019 que poderían non chegar a executarse a finais de 2019). Este axuste xoga no sentido de favorecer a estabilidade orzamentaria. É dicir, se o Concello ten uns créditos iniciais 2019 que non chegan a converterse en Obrigas Recoñecidas, o gasto computable do 2019 é menor nesa contía de 328.000 €. Agora ben, isto non significa que non poidan chegar a converterse en obrigas recoñecidas, que non se poidan executar. Todo dependerá da execución orzamentaria ao longo do exercicio económico. Para calcular a previsión de liquidación do orzamento 2019 a IGAE obriga a facer estes axustes; pero cando remate o exercicio a media pode ser esa ou outra, e haber máis ou menos inexecución. Pero é unha estimación.

O Sr. Paradela Busto pregunta por que non se toman os datos do 2018.

A secretaria-interventora, explica que o lóxico é tomar os datos das últimas tres liquidacións orzamentarias aprobadas, porque son datos pechados, fiables. A liquidación do 2018 descoñécese; e polo tanto habería que calcular unha estimación desa liquidación; e este dato non é certo, senón estimado. Por iso se toman as liquidacións aprobadas e pechadas. Ademais os datos que arrojan esas liquidacións son moi semellantes... É dicir, non hai ningún dato discordante que poida implicar a existencia dun valor atípico.

A Alcaldesa da as grazas á secretaria-interventora pola explicación.

A Alcaldesa, en relación ao incremento da recadación do IBI, sinala que efectivamente houbo unha baixada no recibo do IBI que reciben os veciños. Así, algúns cidadáns preguntaron xa que a cifra lles causou confusión; xa que moitas veces os veciños identifican o recibo polo seu importe. E polo tanto, houbo esa baixada que se pode comprobar en cada recibo do IBI. A subida é porque hai altas de edificacións ás que se lles cobran catro anos de atrasos. Había como unhas 30 vivendas sen dar de alta en

Acta do Pleno do Concello de Lousame  
Sesión extraordinaria e urxente do día 17.12.2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

catastro. E tamén había outro tipo de pequenas edificacións que pasaron a ser consideradas de alta para efectos da vindicación deste imposto. As previsións de ingresos que se contemplan son as que deu a Deputación da Coruña como ingresos que chegarán no exercicio 2019.

O Sr. Paradela Busto di que para el non houbo ningún tipo de baixada por ningún lado.

A Alcaldesa sinala que esa afirmación é mentira. Ela persoalmente lle pediu aos veciños próximos que comprobasen o recibo de IBI urbana e que mirasen a cantidade que lle liquidaban. Os veciños que viven en Lousame e teñen vivenda en Lousame, puideron comprobar como lle baixaba o recibo do lixo. O Sr. Paradela Busto non o pode comprobar porque non ten a súa vivenda aquí e non vive en Lousame, salvo que estea equivocada. A cantidades que ven a maiores é para outras persoas que non estaban pagando o que lles correspondía.

O Sr. Paradela Busto non entende porque lle está botando esa cuestión na cara. Xa que a Alcaldesa no seu equipo de goberno tamén ten concelleiros que non viven en Lousame. E el ten recibos de veciños de Lousame onde observa, comparando co ano pasado, que non lle baixou o recibo do IBI.

A Alcaldesa insiste en que se aplicou a baixada; salvo que haxa un error, que se o hai haberá que reclamar a quen o cometera, que sería o Servizo de Recadación da Excm. Deputación da Coruña. Podería darse o error que nun recibo non se aplicase a rebaixa que aprobou toda a Corporación neste Pleno. Porque esa baixada a aprobou toda a Corporación. Esa rebaixa foi aplicada. Cóllese o recibo do ano anterior e o de este ano e se comproba así de fácil; salvo, claro está, para aquelas vivendas que se deron de alta ou tiveron un incremento do seu valor catastral; en base a criterios que ten o Catastro Inmobiliario, non o Concello de Lousame. Esa revisión non a fai o Concello, aínda que se lle vaia dicindo aos veciños que si, esa revisión non a fai o Concello. Podemos estar ou non a favor desta fórmula, pero é así. O Concello non ten nada que dicir na valoración catastral dos inmobles. E o Sr. Paradela Busto o sabe perfectamente.

A Alcaldesa di que en canto ao Convenio coa Consellería, tan pronto estea asinado se lle remitirá unha copia. E tamén outro, que se asinará coa Consellería de Educación, e que non consta no Orzamento do 2019 porque no momento de elaboralo aínda non estaba pechado este segundo convenio. Tamén hai outros investimentos previstos, pero que non constan no Orzamento porque aínda non son seguros.

A Alcaldesa tamén quere dicir, que a día de hoxe hai débeda cero coas entidades bancarias. O Concello agora só ten débeda coa Deputación Provincial, relativo aos PAI ou préstamos provinciais. É unha nova modalidade que arbitrou a Deputación para deixarlle cartos aos Concellos. En vez de facelo vía subvención, o fan vía préstamo provincial sen xuros. A devolución do primeiro e segundo PAI xa debía ter comezado, pero no Pleno da

12



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concelloodelousame.com  
concelloodelousame@concelloodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

Deputación aprobouse aprazar a súa devolución. A Alcaldesa gustaríalle que eses cartos non se deixasen vía préstamo, senón como vía subvención... Pero a día de hoxe a Deputación o fai desta maneira.

En relación ao tema de persoal, A Alcaldesa sinala que agora hai poucos funcionarios, pero cando se chegou a este Concello só había un, que era o secretario-interventor. Non estaba feito o Inventario, non estaba feito o Convenio, nin un montón de cousas que se van facendo pouco a pouco.... Hai o máximo interese neste equipo de goberno en aprobar o Convenio Colectivo, e practicamente todos os termos están aceptados....

O Sr. Paradela Busto contesta que xa hai dous anos dixo o mesmo, e aínda non está aprobado.

A Alcaldesa insiste en que isto é así, que xa están cuantificados os trienios, e que se van pagar aos traballadores xa na nómina de xaneiro ou incluso de decembro, se dese tempo. En canto ao da RPT dicir que non é doado. Hai que facer varias mesas de negociación para facer unha boa RPT, pero non é un traballo fácil.

O Sr. Paradela Busto di que non será doado pero haberá que facerlle fronte.

A Alcaldesa di que ela non ten ningún problema en facerlle fronte. Só indica que non é doado.

E por último, a Alcaldesa quere contestar a unha das cuestións que tamén dixo o Sr. Paradela Busto, en canto ás gratificacións. Para isto le o que pon o informe da secretaria-interventora, na páxina 12, punto catro. Gustaríalle que o Sr. Paradela Busto o lese para que vira a que se refire a secretaria-interventora. Se quere o Sr. Paradela Busto pasa a ler esa parte do informe.

O Sr. Paradela Busto está de acordo.

A Alcaldesa le o que di o informe, que se refire só aos funcionarios: *"Como se observa non se cumpre o límite en relación ao complemento específico. Solucionar este incumprimento non é sinxelo. O espírito da norma (en relación ás retribucións dos funcionarios públicos) é que o salario total no quede suxeito a unha estrutura absolutamente rixida, que podería significar un certo grao de desmotivación (a famosa expresión coloquial "café para todos"). Así obriga a establecer elementos retributivos de carácter subxectivo, que sirvan de incentivo ao funcionario. Do mesmo xeito, os límites máximos actúan no sentido de impedir a arbitrariedade, evitando que unha parte importante das retribucións poidan recaer en conceptos salariais non fixos na súa percepción nin periódicos na súa vindicación, o que podería supoñer unha "espada de Damocles" sobre o funcionario. A norma trata de que a estrutura salarial teña:*





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

- *Uns elementos obxectivos, ligados ás características do posto de traballo e ao nivel esixido ao funcionario para o seu desempeño.*
- *Uns elementos subxectivos, ligados ao maior interese, ao grao de iniciativa e ao desempeño da xornada de traballo, etc, que sirvan de incentivo ao persoal para o mellor desempeño do seu traballo.*

*Das táboas anteriores observamos que o Complemento Específico que supera o 75% da base de cálculo. En cambio, as cantidades asignadas a produtividade e gratificacións están por moi abaixo do límite. Existe unha descompensación na distribución destes conceptos retributivos.*

*Unha primeira solución podería ser a baixada do Complemento Específico. Pero esa baixada non sería legal, pola propia natureza do Complemento Específico. O complemento específico debe ser determinado de maneira obxectiva e responde ás características particulares de cada posto de traballo. Só podería ser modificado, no marco dunha nova valoración do posto de traballo e fundamentado no cambio das características particulares dese posto.*

*Se mantemos inalterable o complemento específico, poderían cumprirse os límites retributivos no artigo 7 do RD 861/1986, incrementando as contías destinadas a produtividade e gratificacións, do seguinte xeito (suporía un incremento de 9.363,83 €, en relación co orzamento anterior).*

*Esta funcionaria descoñece en que momento se produciu o incumprimento dos límites retributivos do artigo 7 do RD 861/1986. O que é certo é que cada vez que se crea/modifica unha praza de funcionario deben preverse tódolos conceptos retributivos (salario, trienios, complemento de destino, específico, produtividade e gratificacións) de tal xeito que a creación/modificación de postos non supoña unha distorsión ou incumprimento dos citados límites. Pode ser que nunca se cumpriran. Ou pode ser que na creación das últimas prazas de funcionarios (posto de TAX e auxiliar admvo) non se contemplasen as cantidades axeitadas para os conceptos de produtividade e gratificacións, e isto motivase o actual incumprimento.*

*O problema é que aumentar o capítulo 1 nos conceptos de produtividade e gratificacións, suporía un incremento retributivo indirecto, que estaría prohibido polas últimas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.*

*Así, ante a tesitura de incumprir un precepto regulamentario (RD) ou un precepto legal (LOXE) é preferible manter o capítulo 1 tal e como está; e deixar para un momento posterior (coa aprobación dunha Relación de Postos de Traballo, por exemplo) a corrección desta distorsión>>*



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodeLousame.com  
concellodeLousame@concellodeLousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldesa explica que o que di a secretaria-interventora é todo o contrario o que indicou o Sr. Paradela Busto. Hai unas contías dedicadas a produtividade e gratificacións, pero por debaixo dos límites establecidos. E que isto debe corrixirse na Relación de Postos de Traballo. Iso é o que dicía a secretaria-interventora. Nada máis que iso.

A Alcaldesa pregunta se hai máis intervencións.

Non habendo máis intervencións, somete o asunto a votación.


**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por seis (6) votos a favor (emitidos polos 6 concelleiros do PP) e catro (4) abstencións (emitidas polos 3 concelleiros do PSdG-PSOE e 1 concelleiro do BNG), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:**

<<Elaborado o proxecto de Orzamento do Concello de Lousame para o exercicio económico de 2019, así como os seus Anexos e as súas Bases de Execución e o cadro de persoal, de acordo co establecido polos artigos 168 e 169 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 18 do RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Vistos os informes da Secretaría-Intervención sobre os Orzamentos Xerais e sobre a estabilidade orzamentaria e nivel de endebedamento que constan no expediente (informe núm. 131 do 10.12.2018 e 132 do 11.12.2018)

Considerando os antecedentes expostos, o Pleno Corporativo, no uso das súas competencias, adopta o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente os Orzamentos Xerais do Concello de Lousame para o exercicio económico 2019, xunto cos seus Anexos e as súas Bases de Execución, e cuxo resume por capítulos é o seguinte:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

| Estado de Gastos                  |                     | Estado de Ingresos                |                     |
|-----------------------------------|---------------------|-----------------------------------|---------------------|
| <i>Operacións non financeiras</i> |                     | <i>Operacións non financeiras</i> |                     |
| <b>3.815.976,89 €</b>             |                     | <b>3.815.976,89 €</b>             |                     |
| Gastos correntes                  |                     | Ingresos correntes                |                     |
| Capítulo                          | Importe             | Capítulo                          | Importe             |
| 1                                 | 959.677,38          | 1                                 | 699.262,05          |
| 2                                 | 1.198.184,40        | 2                                 | 30.000,00           |
| 3                                 | 2.500,00            | 3                                 | 356.556,47          |
| 4                                 | 233.756,00          | 4                                 | 1.494.370,99        |
| 5                                 | 21.591,90           | 5                                 | 1.200,00            |
| Total                             | 2.415.709,68        | Total                             | 2.581.389,51        |
| Gastos de capital                 |                     | Ingresos de capital               |                     |
| 6                                 | 1.400.267,21        | 6                                 |                     |
| 7                                 |                     | 7                                 | 1.234.587,38        |
| Total                             | 1.400.267,21        | Total                             | 1.234.587,38        |
| <i>Operacións financeiras</i>     |                     | <i>Operacións financeiras</i>     |                     |
| <b>0,00 €</b>                     |                     | <b>0,00 €</b>                     |                     |
| 8                                 |                     | 8                                 |                     |
| 9                                 | -                   | 9                                 | -                   |
| Total                             | -                   | Total                             | -                   |
| <b>Total EG</b>                   | <b>3.815.976,89</b> | <b>Total EI</b>                   | <b>3.815.976,89</b> |

**Segundo:** Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral fixo e temporal.

**Terceiro:** Expoñer ao público o expediente completo do Orzamento Xeral para o exercicio 2019 e o cadro de persoal, durante o prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno. O Orzamento e o Cadro consideraranse definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións. No caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas. De tódolos xeitos o Orzamento e o Cadro de Persoal definitivamente aprobados non entrarán en vigor ate a súa aprobación definitiva (expresa ou tácita) e publicación da mesma no Boletín Oficial da Provincia.

**Cuarto:** Unha vez aprobados definitivamente, o Orzamento (resumido por capítulos) e o Cadro de Persoal serán publicados no Boletín Oficial da Provincia e remitirase unha copia dos mesmos á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma>>



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

E non habendo outros asuntos dos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás dez horas e dez minutos (10:10 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A ALCALDESA-PRESIDENTE

María Teresa Villaverde Pais



A SECRETARIA-INTERVENTORA

Paula Arés

